

## ANUNCIO

DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE OOUROL, PROVINCIA DE LUGO

### FAI SABER

A todos os usuarios dos abastecementos municipais de Auga do Concello de Oourol, que por motivo da seca que estamos sufrindo as reservas de auga dos abastecementos municipais de todo o Concello de Oourol están comenzando a escasear, presentandose un nivel de auga mínimo de auga nas captacións.

Co fin de garantir o abastecemento para as necesidades básicas de persoas, animais e funcionamento de negocios **PROHÍBESE, ata novo aviso, a utilización de auga potable das traídas municipais para usos non prioritarios como son:**

- **Regar xardins**
- **Enchido de piscina ou similares**
- **Limpeza de vehículos ou espazos ao aire libre**
- **Calquera outro uso que non responda a necesidades básicas de persoas ou animais.**

Así mesmo, apelase a corresponsabilidade cidadá para facer un consumo racional e limitar no posible o consumo de auga.

O que se pon en coñecemento de todos os veciños en xeral.

Oourol, 7 de agosto de 2023

O Alcalde - Presidente

